Ordes IV, 1, Boado, Antonio 71 anos

CD 12, 7

- R. V - Dos solteiras.

IV,1,312. (7)

1) Todo-los mozos solteiros A
son cando tratan d'amores
alegres e cariñosos, v1 2314
fortes e traballadores. v1 201

2) Non teñen vicio ningún, B
eles son moi bos muchachos,
nin lles gustan as bebidas
nin se ven nunca borrachos.

3) Cando van xunto a unha nena A
non queren enredar tempo,
por esas primeiras falas
en trata-lo casamento.

319. 4) Porque en canto 'stán solteiros B
non poden facer por vida,
así qu'os seus pensamentos
son de casarse enseghida.

5) Pero vos non seades bobas, A
non vos deixés enghañar,
eles pra consigo teñen
outro modo de pensar.

6) Eles o que millor queren B
é pillarvos ó gramelo,
despois havos costar caro
traballo verlle-lo pelo.

7) Podedes ter por seguro: A
a que caia na chumbeira
por falta do pescador
que se quedará solteira.

328. 8) S'outro burro non s'acerca B
que o poida conquistar
o que a conquistóu a i-ela
non o volv'a festuxar.

ARQUIVO DO PATRIMONIO ORAL DA IDENTIDADE
APOI
Museo do Pobo Galego
iEi instituto de estudos das identidades

Ordes IV, 1, Boado, Antonio 71 anos

CD 12, 7

- R. V - Dos solteiras.

IV,1,330. 5 9) Si lle prestou bo servicio A
daralle conversación,
pero tratar de coller,
casarse con ela non.

10) Así é, moit'ollo, rapazas, B
as qu'andades na farula,
coitadiño con deixar
tocar ó niño da rula.

(11) E si é qu'algún vos quere A
desface-lo hormigueiro,
decirlle con voz aireada
hai que casarse primeiro.

12) Así é que, rapaciñas, B
debedes ter precaución,
estudiar esta receta
que vos sirve de leución.

---

360. 13) /:Encima do consistorio (Rianx.)
temo-lo cabalo blanco,:/
os de Coruña e Ferrol IV 405
non poden cos de Santiago. IV 9
Polo mar abaixo...

370. 14) /:Pandeiro repenicador,:/
para toca-lo pandeiro
charrusqueiras de Boado.

375. 15) Mariñeiro non (8)
que vai e non vén, I 462a
un carreteiriño
que carrete ben. I 128c

Audio de procedencia: MPG_SchSa_0012_007_en_Ordes_IV_1_312